

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026388	IES Plurilingüe Fontexería	Muros	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Matemáticas aplicadas ás CC.SS. I	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	19
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	20
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	23

1. Introducción

A presente programación didáctica elaborada para a materia de Matemáticas aplicadas ás CC.SS. I, tomando como referencia o DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia; pretende contribuir no afondamento das habilidades de pensamento matemático, e concretamente na capacidade de analizar e investigar, interpretar e comunicar matematicamente diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Tamén debe valorar as posibilidades de aplicación práctica do coñecemento matemático tanto para o enriquecemento persoal como para a valoración do seu papel no progreso da humanidade. Neste sentido, a resolución de problemas e a investigación matemática formarán o eixo central da materia xa que son dous compoñentes fundamentais no ensino das matemáticas, porque permiten empregar os procesos cognitivos inherentes a esta área para abordar e resolver situacións relacionadas coa vida cotiá e as ciencias sociais, desenvolvendo o razoamento, a creatividade e o pensamento abstracto.

Outra normativa que se tivo moi presente para a elaboración desta programación foi:

- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa,
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación,
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O IES Plurilingüe Fontexería de Muros, é un centro de titularidade pública creado no ano 1983 situado na franxa costeira sobre a marxe dereita da ría de Muros e Noia con alumnado procedente das parroquias da beiramar (zona semiurbana próxima a vila de Muros) e outra de carácter máis rural (a parroquia de Serres). As familias de procedencia do alumnado presentan, a grandes rasgos, as seguintes características: o nivel da renda familiar é medio- baixo; o nivel cultural paterno e materno é baixo (sen estudos ou só con primarios as tres cuartas partes, porcentaxe algo superior no caso das nais); a quinta parte dos pais están ausentes a cotío do fogar por mor do traballo no mar ou na emigración; e a maioría das nais teñen como única profesión a de ama de casa. Estas son relevantes no sentido que influirán de xeito importante na práctica docente, así como, as instalacións e recursos dispoñibles no centro. Destacar a aula de informática para poñer en práctica a resolución de problemas utilizando ferramentas dixitais e ordenador con proxector na aula convencional que permiten apoiar as explicacións complementando ós recursos máis tradicionais con ó encerado de xiz.

Esta programación didáctica levarase a cabo no grupo de 1º Bacharelato de Ciencias Sociais que conta cun total de 11 estudantes. Non hai repetidores nin tampouco ningún estudante que presente características especiais a ter en conta.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Modelizar e resolver problemas da vida cotiá e das ciencias sociais aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento para obter posibles solucións.			1-2-3	2-5	40-50		3	
OBX2 - Verificar a validez das posibles solucións dun problema empregando o razoamento e a argumentación para contrastar a súa idoneidade.			1-2	2	40	3	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Formular ou investigar conxecturas ou problemas, utilizando o razoamento, a argumentación, a creatividade e o uso de ferramentas tecnolóxicas, para xerar novo coñecemento matemático.	1		1-2	1-2-3-5			3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional de forma eficaz, modificando, creando e xeneralizando algoritmos que resolvan problemas mediante o uso das matemáticas, para modelizar e resolver situacións da vida cotiá e do ámbito das ciencias sociais.			1-2-3	2-3-5			3	
OBX5 - Establecer, investigar e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas establecendo vínculos entre conceptos, procedementos, argumentos e modelos para dar significado e estruturar a aprendizaxe matemática.			1-3	2-3				1
OBX6 - Descubrir os vínculos das matemáticas con outras áreas de coñecemento e profundar nas súas conexións, interrelacionando conceptos e procedementos, para modelizar, resolver problemas e desenvolver a capacidade crítica, creativa e innovadora en situacións diversas.			1-2	2	50	4	2-3	1
OBX7 - Representar conceptos, procedementos e información matemáticos seleccionando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar razoamentos matemáticos.			3	1-2-5			3	41-42
OBX8 - Comunicar as ideas matemáticas, de forma individual e colectiva, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados, para organizar e consolidar o pensamento matemático.	1-3	1	2-4	2-3				32
OBX9 - Utilizar destrezas persoais e sociais, identificando e xestionando as propias emocións, respectando as dos demais e organizando activamente o traballo en equipos heteroxéneos, aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe e afrontando situacións de incerteza, para perseverar na consecución de obxectivos na aprendizaxe das matemáticas.		3	5		11-12-31-32	2-3	2	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Números reais	Afondarase nos conceptos básicos sobre números reais: comparación, ordeación e clasificación; representación na recta real de intervalos e semirrectas. Relacións entre potencias, raíces e logaritmos para á resolución de problemas.	8	14	X		
2	Matemáticas Financieras	Traballaranse aspectos de educación financeira: adquisición de automatismos que permitan obter aumentos e diminucións porcentuais, relación das progresións para o cálculo de xuros e resolución de problemas de capitalización e amortización utilizando parámetros da aritmética mercantil como o TAE.	8	14	X		
3	Álgebra: Ecuacións e sistemas de ecuacións	Utilización da liguaxe alxébrica para a modelización de situacións en contextos reais, así como o uso de ecuacións e sistemas de ecuacións para a resolución de problemas relativos ás CC.SS.	16	20	X		
4	Álgebra: Inecuacións e sistemas de inecuacións	Utilización da liguaxe alxébrica para a modelización de situacións en contextos reais, así como o uso de inecuacións e sistemas de inecuacións para a resolución de problemas relativos ás CC.SS.	6	10		X	
5	Funcións	Esta unidade está orientada o afondamento das funcións reais (polinómicas, exponenciais, racionais sinxelas, irracionais, etc.), transformacións destas (operacións aritméticas, composición, inversa, etc.) así como a representación aplicada á resolución de problemas.	13	16		X	
6	Límites de funcións. Continuidade e asíntotas	O contido fundamental desta unidade é o paso da idea gráfica das características dunha función á obtención de métodos analíticos polo que se recoñezcan estas características a partir da súa expresión analítica. Para iso é necesario o cálculo de límites, utilizaremos estes para o estudo da continuidade e traballarase o cálculo dos distintos tipos de asíntotas na súa representación gráfica.	13	20		X	
7	Derivada dunha función e aplicacións das derivadas	Nesta unidade expóñense os elementos teóricos e prácticos necesarios para que o alumnado domine os conceptos de derivada dunha función nun punto e de función derivada, así como aprenda as regras de derivación. Unha vez vista os conceptos sobre derivadas, centrarémonos nas súas aplicacións: ecuación da recta tanxente a unha curva nun punto, obtención de puntos singulares dunha	16	20			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Derivada dunha función e aplicacións das derivadas	función, intervalos de crecemento e decrecemento dunha función e finalmente o estudo completo de funcións para á construción de gráficas o que permite aproveitar e consolidar, os coñecementos da unidade anterior "Límite de funcións...."	16	20			X
8	Probabilidade	Esta unidade traballa o concepto e a utilidade das técnicas de recento, a aplicación dos principios do produto e da adición, o uso de diagramas de árbore e técnicas da combinatoria, e a probabilidade como medida da incerteza asociada a fenómenos aleatorios.	5	10			X
9	Estadística	Esta unidade oríentase, principalmente, cara o traballo estadístico con variables bidimensionais. O obxectivo é que o alumnado coñeza a distribución conxunta, distribucións marxinais e condicionadas; poida analizar as distribucións bidimensionais mediante o seu coeficiente de correlación e obter a ecuación da recta de regresión lineal para realizar prediccións e valoracións no contexto das ciencias sociais. Así mesmo, tamén se levará a cabo estudos da realación entre dúas variables mediante regresión lineal e cuadrática.	5	10			X
10	Matemáticas para o desenvolvemento persoal e a vida en sociedade	Unidade transversal que se traballará ó longo de todo o curso. Nesta unidade inclúense todos os criterios de avaliación e contidos asociados ó bloque 5: Sentido socioafectivo.	10	6	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Números reais	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Representa correctamente información cuantitativa mediante intervalos de números reais conectando a información numérica coas expresións alxébricas e resolve exercicios utilizando as relacións existentes entre as potencias, raíces e logaritmos.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas que implique operacións de números reais e as súas propiedades establecendo conexións entre as matemáticas e outras áreas de coñecemento		
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, na resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, valorando a súa eficiencia en cada caso.	Emprega os algoritmos en lapis, papel e a utilización da calculadora na resolución de problemas que impliquen representación ou operacións numéricas con números reais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cantidade. - Números reais (rationais e irracionais): comparación, ordenación, clasificación e contraste das súas propiedades. - Representación na recta real de intervalos e semirrectas. - Sentido das operacións. - Potencias, raíces e logaritmos: comprensión e utilización das súas relacións para simplificar e resolver problemas.

UD	Título da UD	Duración
2	Matemáticas Financieras	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Manifesta una visión matemática integrada, conectando porcentaxes, potencias, fraccións, logaritmos, sucesións etc.	PE	100
CA1.3 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas do ámbito da matemática financeira (xuro simple, xuro composto, capitalización e amortización) interpretando e contextualizando correctamente parámetros da aritmética mercantil.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Educación financeira. - Índice de variación e variación porcentual. O IPC.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso das progresións para estudar o xuro simple e o xuro composto. Cálculo da taxa de xuro anual equivalente (TAE) en casos sinxelos. - Estudo das operacións ofrecidas por entidades financeiras relacionadas coas anualidades de capitalización: plans de pensións e de aforro. - Cálculo de anualidades e mensualidades de amortización: hipotecas e préstamos bancarios. - Resolución de problemas relacionados coa educación financeira con ferramentas tecnolóxicas.

UD	Título da UD	Duración
3	Álgebra: Ecuacións e sistemas de ecuacións	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, describindo o procedemento realizado.	Utiliza con eficacia a linguaxe alxébrica para representar situacións en contextos reais e resolveas mediante a utilización de ecuacións ou sistemas de ecuacións.	PE	100
CA3.3 - Comprobar a validez matemática das posibles solucións dun problema, utilizando o razoamento e a argumentación.	Realiza unha interpretación contextualizada dos resultados obtidos nun problema, comprobando a validez matemática das posibles solucións obtidas.		
CA3.4 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na formulación ou investigación de conxecturas ou problemas.	Utiliza a calculadora ou programas informáticos na formulación e resolución de problemas de ecuacións ou sistemas de ecuacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Padróns. - Xeneralización de padróns en situacións sinxelas, usando regras simbólicas ou funcións definidas explícita e recorrentemente. - Modelo matemático. - Uso de ecuacións, inecuacións, sistemas de ecuacións e inecuacións para modelizar situacións das ciencias sociais e da vida real. - Igualdade e desigualdade. - Resolución de ecuacións cuadráticas e reducibles a elas e de ecuacións exponenciais e logarítmicas sinxelas. - Resolución de sistemas de ecuacións de segundo grao con dúas incógnitas. - Aplicación á resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, usando lapis e papel ou medios tecnolóxicos, e interpretando as solucións. - Pensamento computacional.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise, formulación e resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais utilizando programas e ferramentas adecuados. - Comparación de algoritmos alternativos para o mesmo problema mediante o razoamento lóxico.

UD	Título da UD	Duración
4	Álgebra: Inecuacións e sistemas de inecuacións	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, describindo o procedemento realizado.	Utiliza con eficacia a linguaxe alxébrica para representar situacións en contextos reais e resolveas mediante a utilización de inecuacións ou sistemas de inecuacións.	PE	100
CA3.3 - Comprobar a validez matemática das posibles solucións dun problema, utilizando o razoamento e a argumentación.	Realiza unha interpretación contextualizada dos resultados obtidos nun problema, comprobando a validez matemática das posibles solucións obtidas.		
CA3.4 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na formulación ou investigación de conxecturas ou problemas.	Utiliza a calculadora ou programas informáticos na formulación e resolución de problemas de inecuacións ou sistemas de inecuacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Padróns. - Xeneralización de padróns en situacións sinxelas, usando regras simbólicas ou funcións definidas explícita e recorrentemente. - Modelo matemático. - Uso de ecuacións, inecuacións, sistemas de ecuacións e inecuacións para modelizar situacións das ciencias sociais e da vida real. - Igualdade e desigualdade. - Resolución gráfica e alxébrica de sistemas de inecuacións lineais con dúas incógnitas. - Aplicación á resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, usando lapis e papel ou medios tecnolóxicos, e interpretando as solucións. - Pensamento computacional. - Análise, formulación e resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais utilizando programas e ferramentas adecuados.

UD	Título da UD	Duración
5	Funcións	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Seleccionar a solución máis adecuada dun problema en función do contexto (sostibilidade, consumo responsable, equidade...) usando o razoamento e a argumentación.	Selecciona a solución mais adecuada dun problema en función do contexto usando as funcións e as súas transformacións no razoamento ou na argumentación	PE	100
CA3.1 - Interpretar, modelizar e resolver situacións problematizadas da vida cotiá e das ciencias sociais, utilizando o pensamento computacional, modificando ou creando algoritmos.	Resolve problemas relacionados cas CCSS formulados mediante funcións.		
CA3.3 - Comprobar a validez matemática das posibles solucións dun problema, utilizando o razoamento e a argumentación.	Comproba a validez matemática das solucións dun problema apoiándose na representación gráfica das funcións ou expresións alxébricas para elaborar o razoamento ou argumentación.		
CA3.4 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na formulación ou investigación de conxecturas ou problemas.	Emprea ferramentas tecnolóxicas (calculadora, GeoGebra e follas de cálculo) na formulación de conxecturas ou problemas reais relacionados con funcións.		
CA3.5 - Seleccionar e utilizar diversas formas de representación, valorando a súa utilidade para compartir información.	Selecciona diversas formas de representación de funcións (representación gráfica, expresión analíticas, táboas) para compartir información.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cambio. - Transformacións de funcións (operacións aritméticas, composición, valor absoluto e inversa), utilizando ferramentas dixitais para realizar as operacións coas expresións simbólicas máis complicadas. - Padróns. - Xeneralización de padróns en situacións sinxelas, usando regras simbólicas ou funcións definidas explícita e recorrentemente. - Modelo matemático. - Relacións cuantitativas esenciais en situacións sinxelas: estratexias de identificación e determinación da clase de funcións que poden modelizalas, obtendo conclusións razoables. - Relacións e funcións. - Funcións a partir de táboas e gráficas. Aspectos globais dunha función. - As funcións e a súa representación gráfica na interpretación de situacións relacionadas coa vida cotiá e as ciencias sociais, utilizando lapis e papel ou ferramentas dixitais. - Representación gráfica de funcións utilizando a expresión máis adecuada.

Contidos

- Propiedades das distintas clases de funcións, incluídas polinómica, exponencial, racional sinxela, irracional, logarítmica, periódica e a anacos: comprensión e comparación.
- Álgebra simbólica na representación e explicación de relacións matemáticas das ciencias sociais.
- Pensamento computacional.
- Análise, formulación e resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais utilizando programas e ferramentas adecuados.
- Comparación de algoritmos alternativos para o mesmo problema mediante o razoamento lóxico.

UD	Título da UD	Duración
6	Límites de funcións. Continuidade e asíntotas	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Manifesta unha visión integrada do concepto de límite, asíntotas e continuidade conectando as diferentes ideas matemáticas mediante a resolución de exercicios.	PE	100
CA2.3 - Resolver problemas, establecendo e aplicando conexións entre as diferentes ideas matemáticas.	Resolve problemas de cálculo de límites dunha función nun punto e no infinito. Así mesmo calcula, representa e interpreta asíntotas dunha función en problemas das ciencias sociais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Cambio.
- Estimación ou cálculo do valor do límite dunha función nun punto a partir dunha táboa, un gráfico ou unha expresión alxébrica.
- Cálculo de límites no infinito de funcións polinómicas e racionais e resolución de indeterminacións en casos sinxelos.
- Estudo da continuidade dunha función gráfica ou analiticamente, tipificando, cando cumpra, os tipos de discontinuidade.
- Aplicación do cálculo de asíntotas horizontais, verticais e oblicuas de funcións polinómicas e racionais á representación gráfica de funcións.

UD	Título da UD	Duración
7	Derivada dunha función e aplicacións das derivadas	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Manifesta unha visión integrada do conceptos de TVM, TVI e derivadas conectando as diferentes ideas matemáticas mediante a resolución de exercicios e conectando coa súa interpretación xeométrica.	PE	100
CA2.3 - Resolver problemas, establecendo e aplicando conexións entre as diferentes ideas matemáticas.	Resolve problemas de derivadas, TVM, recta tanxente establecendo e aplicando conexións entre o mundo, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cambio. - Cálculo e interpretación da taxa de variación media (TVM) dunha función nun intervalo en contextos das ciencias sociais. - Aproximación da TVM dunha función en intervalos moi pequenos pola taxa de variación instantánea nun punto. - Cálculo da derivada dunha función nun punto mediante a definición en casos sinxelos. - Regras de derivación e a súa aplicación ao cálculo de derivadas. Obtención da recta tanxente a unha curva nun punto.

UD	Título da UD	Duración
8	Probabilidade	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación de conxecturas e problemas de forma guiada	Adquire novo coñecemento de técnicas de reconto e a combinatoria a partir da formulación de conxecturas e exercicios de forma guiada.	PE	100
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, na resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, valorando a súa eficiencia en cada caso.	Emprega os principios do produto e da adición, os diagramas de árbore e as técnicas combinatorias para resolver problemas da vida cotiá e das ciencias sociais.		
CA2.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	Adquire o concepto de probabilidade como medida de incerteza de fenómenos aleatorios mediante exercicios de forma guiada		
CA4.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	Adquire coñecemento asignando probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos, condicionados ou non, a partir da formulación guiada de exercicios e problemas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas de cálculo de probabilidades polo método de frecuencias relativas, regra de Laplace e as regras derivadas da axiomática de Kolmogorov; establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e outras áreas de coñecemento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo. - Concepto e utilidade das técnicas de reconto. - Aplicación dos principios do produto e da adición á resolución de problemas. - Uso dos diagramas de árbore e das técnicas da combinatoria (variacións con e sen repetición, combinacións e permutacións), para resolver situacións da vida real. - Medición. - A probabilidade como medida da incerteza asociada a fenómenos aleatorios. - Incerteza. - Cálculo da probabilidade para partir do concepto de frecuencia relativa. - Cálculo de probabilidades en experimentos simples: a regra de Laplace en situacións de equiprobabilidade aplicando diferentes técnicas de reconto, incluída a combinatoria. Axiomática de Kolmogorov. - Cálculo de probabilidades en experimentos compostos. - Resolución de problemas utilizando técnicas de reconto, diagramas de árbore e táboas de continxencia. - Inferencia. - Deseño de estudos estatísticos relacionados coas ciencias sociais utilizando ferramentas dixitais. Técnicas de mostraxe sinxelas. - Análise de mostras unidimensionais e bidimensionais mediante ferramentas tecnolóxicas co fin de emitir xuízos e tomar decisións.

UD	Título da UD	Duración
9	Estadística	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	Adquire novo coñecemento de variable bidimensional elaborando táboas, calculando e interpretando os parámetros estadísticos, calculando as distribucións marxinais e distribucións condicionais en problemas ou exercicios.	PE	100
CA4.2 - Representar ideas matemáticas, estruturando diferentes razoamentos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas.	Representa gráficamente variables bidimensionais e rectas de regresión de dúas variables estruturando razoamentos matemáticos co fin de obter e emitir producións a partir delas.		
CA4.3 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas calculando e interpretando parámetros estadísticos e resolve problemas de regresión lineal e cuadrática facendo a valoración gráfica da pertinencia do axuste diferenciando entre correlación e causalidade.		
CA4.4 - Empregar algunhas estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, para resolver problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, valorando a súa eficiencia en cada caso.	Emprega estratexias para resolver problemas de cálculo de coeficientes de correlación lineal e de determinación, cuantificando a relación lineal entre variables empregadas en distintos contextos (económicos e sociais) e facendo predicións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Organización e análise de datos. - Variables bidimensionais: distribución conxunta e distribucións marxinais e condicionadas. Análise da dependencia estatística. - Estudo da relación entre dúas variables mediante a regresión lineal e cuadrática: valoración gráfica da pertinencia do axuste. Diferenza entre correlación e causalidade. - Coeficientes de correlación lineal e de determinación: cuantificación da relación lineal, predición e valoración da súa fiabilidade en contextos das ciencias sociais. - Calculadora, folla de cálculo ou software específico na análise de datos estatísticos.

UD	Título da UD	Duración
10	Matemáticas para o desenvolvemento persoal e a vida en sociedade	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos que se expoñan nas ciencias sociais.	Analiza a achega das matemáticas ó progreso da humanidade reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a solucións complexas e aos retos que se expoñen nas ciencias sociais	TI	100
CA5.2 - Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Afronta a resolución de situacións descoñecidas tomando decisións, valorando as consecuencias destas, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas e aprendendo do mesmo para situacións futuras.		
CA5.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseverancia, aceptación da crítica razoada, superación de bloqueos, etc.)		
CA5.4 - Participar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais, escoitando o seu razoamento, identificando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar grupal e as relacións sa	Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo, respectando, escoitando e valorando outras opinións; e sempre desde unha perspectiva de igualdades e non discriminación de ningún tipo.		
CA5.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Utiliza argumentos, explicacións e razoamentos de forma organizada para comunicar as ideas matemáticas coa precisión e rigor adecuados.		
CA5.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Recoñece e emprega a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ó contexto e a situación para comunicar a información con precisión e rigor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crenzas, actitudes e emocións. - Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas. - Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso. - Técnicas e estratexias de traballo en equipo para a resolución de problemas e tarefas matemáticas, en grupos heteroxéneos. - Inclusión, respecto e diversidade. - Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario.

Contidos

- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a aplicar neste curso seguirá os criterios xerais fixados nesta programación para a etapa. Así, esta metodoloxía deberá contemplar como mínimo os seguintes aspectos.

- Obter información inicial a comezo de curso sobre os coñecementos previos do alumnado relativos a cada un dos bloques temáticos. A estes efectos poderán deseñarse unha proba inicial ou certas actividades que permitan detectar as eivas, tanto a nivel individual como colectivo, e adaptar as programacións de aula de tal xeito que estas eivas poidan minimizarse ou eliminarse ao final de curso. Rexistraranse de maneira individualizada as circunstancias particulares relevantes que afecten a cada alumna ou alumno aos efectos de eliminar na medida do posíbel as dificultades acontecidas por algún ou algúns contidos non impartidos en cursos anteriores.
- Utilizar situacións próximas ao alumnado que posibiliten a identificación e comprensión dos problemas e posteriores solucións, dando significación aos conceptos e procedementos utilizados.
- Resolver problemas en situacións e contextos variados e motivadores, que poñan de manifesto a necesidade de ampliar coñecementos para dar resposta a necesidades e retos cognitivos e ás aplicacións prácticas da ciencia, e usando materiais e procedementos de resolución variados.
- Diversificar as actividades en distintos graos de dificultade para integrar ao alumnado con maiores dificultades e tamén a aquel que manifieste maiores destrezas.
- Procurar o interese do alumnado contextualizando os coñecementos na súa contorna, animando á participación, tratando cunha dimensión positiva aqueles erros ou ideas imprecisas que aporte o alumnado, mostrando interese por elas, someténdoo a crítica do grupo, ou tomándoo como punto de partida para o debate.
- Ter presente a dimensión afectiva do ensino, alentar ao alumnado ante as dificultades, favorecendo un clima de confianza e seguridade; neste aspecto é especialmente importante o uso do nome propio, o coñecemento das circunstancias persoais e familiares e o respecto aos desexos e intereses individuais.
- Dar ao alumnado unha información clara e progresiva sobre os obxectivos da etapa, do curso, da materia ou da unidade, e sobre o grao de consecución dos mesmos, así como dos instrumentos de avaliación, reforzo e recuperación, de ser o caso.
- Fomentar o uso das tecnoloxías da información e comunicación, ferramentas de cálculo, simulación, contraste, aproximación e estimación ou calquera outra que favoreza o proceso de abstracción e a autonomía na aprendizaxe.
- Recuperar o espírito de colaboración e o traballo en grupo
- Potenciar a capacidade de cálculo e o uso de ferramentas tecnolóxicas a través de diferentes actividades nas que resulten adecuadas ambas destrezas.
- Favorecer a diversidade nos puntos de vista e valorar distintos camiños de presentación e de resolución de problemas, así como solucións estéticas e creativas, fomentando ademais o gusto polo rigor, a claridade e a simplicidade.
- Promover a disertación e a análise rigorosa, así como a capacidade e a claridade na correcta expresión matemática, oral e escrita.
- Propoñer situacións diversas que posibiliten a investigación e a elaboración posterior de documentos que a presenten de forma clara e coherente.

En resumo, a metodoloxía empregada para poñer en práctica esta programación didáctica será teórico - práctica. Inicialmente, farase unha indagación sobre os coñecementos previos que ten o alumnado sobre un contido a explicar, de seguido farase unha presentación sobre os conceptos teóricos e outras aclaracións de interese, rematando a explicación teórica por medio dun ou varios exemplos prácticos, se procede; e finalmente realizarase unha práctica guiada, para que o alumnado remate resolvendo problemas de forma autónoma. Fomentarase a adquisición e a comprensión de conceptos matemáticos fronte ao uso de algoritmos repetitivos, aínda que en ocasións, estes últimos

son necesarios a realizar polos alumnos e alumnas co fin de adquirir destreza e manexo operacional.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Texto impreso: fotocopias e versións dixitais das unidades didácticas.
Material de uso propio para o traballo na clase ou na casa: libreta cuadriculada, portafolios, bolígrafo, lapis ...
Materiais de debuxo: regra, escuadra, cartabón, transportador e compás, papel milimetrado ...
Calculadora científica.
Equipamento informático: ordenadores das salas de informática.
Aplicativos informáticos ou para dispositivos móbiles: Wiris, GeoGebra, paquetes ofimáticos (procesador de texto e folla de cálculo).
Aula Virtual e outros recursos web de acceso libre.
Dotación da aula (pizarra dixital, taboleiro de xiz, ordenador con proxector,...)

Existe unha enorme variedade de materiais e recursos didácticos, dende os mais tradicionais como os apuntamentos e o taboleiro, ata ós mais novidosos como o uso das novas tecnoloxías. Á súa elección e uso depende en gran medida da funcionalidade e idoneidade para alcanzar as metas de aprendizaxe fixadas. Por iso, estes deberán ser necesariamente flexíbeis e intercambiábeis.

De maneira habitual o desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado dixital e encerado de xiz, o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo. Ademais, con certa regularidade utilizaranse os ordenadores co software libre necesario para o desenvolvemento das tarefas relacionadas coa materia e nos que se utilizarán tamén aplicacións web. A maiores do anterior poderán utilizarse calquera outros materiais ou recursos que se estimen necesarios ou adecuados segundo a evolución do curso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo ao longo das primeiras semanas de curso mediante distintos tipos de actividades coma unha proba escrita ou tarefas desenvoltas na aula, pero tamén realizarase ao comezo de cada unidade.

Estas actividades serán deseñadas co fin de detectar as carencias herdadas do curso anterior, adaptar o desenvolvemento dos diferentes bloques para compensar as devanditas carencias, incorporar aqueles contidos que se consideren básicos ou instrumentais para o progreso en cada un dos bloques, flexibilizar os obxectivos finais, diversificar os instrumentos de avaliación ou rebaizar o grao de profundización nos contidos, en función do ritmo en que o grupo e cada unha das alumnas ou alumnos vaian alcanzando o nivel de competencia desexado. En definitiva, proporcionanos o punto de partida para o tratamento dos contidos e prever a necesidade de adaptacións ou a planificación de actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	16	6	13	13	16	5	5	10
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100	0
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	0	0	0	0	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	90
Táboa de indicadores	10

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación, aínda que non sexa este o fin da avaliación, proporcionan un instrumento cuantitativo que de forma obxectiva fixa a cualificación que se reflexa no boletín de notas de cada avaliación e, en definitiva, no expediente académico.

As cualificacións de cada avaliación recollerán tódolos instrumentos de avaliación rexistrados durante o período lectivo correspondente, aplicando as ponderacións dos distintos instrumentos consonte o antedito nesta programación.

As probas escritas que se fagan ao longo dunha avaliación terán uns pesos distintos á hora de calcular a nota final do instrumento "proba escrita". Así, o primeiro exame de cada avaliación terá un peso de 1, o segundo de 2 e así sucesivamente, tendo polo tanto o exame n-ésimo dunha avaliación un peso de "n" á hora de ponderar a nota media final correspondente o instrumento da avaliación mencionado. Isto será así sempre e cando na proba escrita entre materia que xa fora explicada e avaliada nunha proba anterior nesa mesma avaliación. Polo tanto, por exemplo, nunha avaliación na que produza dúas probas escritas consonte o antedito: a primeira proba tería un peso do 33% e a segunda do 67%. No caso de ser tres as probas que cumplan o antedito os seus pesos serían: a primeira probas, 17%; a segunda, 33% e a última tería un peso do 50%. Con todo, o docente pode modificar as porcentaxes mencionadas sempre e cando beneficie o alumnado, é dicir, a nova cualificación sexa maior que a obtida seguindo o proceso descrito.

No caso que nas probas escritas non se repita materia a avaliar, a nota final do instrumento de avaliación "proba escrita" obterase como a media aritmética das probas escritas feitas na avaliación.

Entenderase que a alumna ou alumno terá superado o curso tras celebrarse a avaliación ordinaria se concorre algunha das seguintes circunstancias:

1. Obter como mínimo un 5 en todas e cada unha das tres avaliacións trimestrais.
2. Obter como mínimo un 5 en dúas das avaliacións trimestrais, obter non menos dun 4 na avaliación non superada e non ter manifestado ao longo do curso de maneira evidente un abandono, falta de esforzo ou desinterese por adquirir os estándares do curso.

En caso de que non concorra ningunha das condicións anteriores, considerarase que a materia non está superada e a alumna ou alumno deberá presentarse á proba extraordinaria. Esta proba conterà os mínimos esixibles efectivamente impartidos (en contraposición cos programados inicialmente) ao longo de todo o curso.

1. Se a alumna ou alumno non superou unha das tres avaliacións trimestrais cunha cualificación inferior a 4, ou ben

obtivo un 4 pero cunha manifesta falta de interese ou esforzo, fará un exame só dos contidos da avaliación non superada.

2 En caso de que non se superasen máis de unha avaliación trimestral, a alumna ou alumno fará unha proba xeral única de todos os contidos impartidos durante o curso.

A cualificación final ordinaria ou extraordinaria, segundo sexa o caso, obterase do seguinte xeito:

1. No caso de que a alumna ou alumno non deba concorrer á proba extraordinaria nas circunstancias anteditas, a cualificación final do curso será a media ponderada, en base aos parámetros establecidos na presente programación, das tres avaliacións parciais (con decimais), arredondada ao enteiro máis próximo.

2. Se a alumna ou alumno debe concorrer á proba extraordinaria cunha soa avaliación suspensa, a cualificación final do curso será a media aritmética das dúas avaliacións aprobadas (con decimais) e da proba final, arredondada ao enteiro máis próximo, sempre que a nota desta proba non sexa inferior a 4 e que non se manifestase abandono ou falta de interese nas actividades de reforzo realizadas durante o período que vai desde a terceira avaliación á avaliación extraordinaria. Se a nota da proba final é inferior a 4 ou ben é 4 pero cun manifesto desinterese e falta de aproveitamento no período de reforzo, a cualificación final será 4 e entenderase non superada a materia.

3. Se a alumna ou alumno debe concorrer á proba extraordinaria coa materia completa, a cualificación final do curso será a nota do exame final extraordinario truncada, no caso de que a nota desta proba non sexa inferior a 5; en caso contrario, entenderase non superada a materia e a cualificación final será a nota do exame final extraordinario truncada.

Criterios de recuperación:

Cada estudante que non supere unha avaliación terá a oportunidade de recuperala ó inicio da seguinte avaliación a través dunha proba escrita basándose nos mínimos establecidos nas unidades didácticas traballadas en dita avaliación. Unha nota igual ou superior a 5 puntos significará que esa avaliación estará superada.

En relación aos criterios de superación da materia mencionados anteriormente, o alumnado que deba concorrer a proba extraordinaria realizará desde a avaliación ordinaria á avaliación extraordinaria durante o seu horario normal actividades de preparación e repaso da materia e, en particular, daqueles contidos e criterios mínimos que sexan obxecto da proba extraordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O estudante coa materia pendente de cursos anteriores fará dúas probas, nas datas convocadas oficialmente pola Xefatura de Estudos, e das que se informará debidamente e coa suficiente antelación. A distribución dos contidos correspondentes a cada unha das devanditas probas publicaranse ao comezo do curso na Aula Virtual do Centro. Os criterios de avaliación serán os que figuran na programación da materia de referencia e que está publicada de maneira oficial.

** Criterios para a superación da materia pendente:

- No caso de que se obteña en cada unha das dúas probas unha cualificación non inferior a 5 considerarase que a materia está superada e a cualificación será a media de ambas aproximada por arredondamento ao enteiro máis próximo;

- En caso contrario, convocarase unha proba coincidindo coa 3ª avaliación ordinaria, que incluírá os contidos incluídos na proba ou probas non superadas. Considerarase superada a materia sempre que a cualificación nesta proba sexa non inferior a 5.

- No caso de que aínda non se supere a materia, farase unha última proba coincidindo coa avaliación extraordinaria, na que se incluírán todos os contidos do curso. Considerarase superada a materia se a cualificación nesta última proba é non inferior a 5, e a cualificación final será no seu caso a cualificación obtida nesta proba aproximada ao enteiro por truncamento.

** Estratexias metodolóxicas que se empregarán:

Segundo se valore por parte dos membros do departamento e á vista da evolución do alumnado no curso actual, poderá establecerse a realización de tarefas de reforzo, consolidación e ampliación, por medios impresos (libros de texto, apuntamentos ou boletíns de exercicios) ou dixitais (unidades interactivas ou outras). Estas tarefas poderán ser revisadas polo profesorado do departamento coa fin de facer un seguimento da preparación das probas, corrixir erros e orientar a aprendizaxe cara a superación da materia.

A información sobre estes recursos e tarefas estará dispoñíbel a través da Aula Virtual e o profesorado fará así

mesmo un seguimento directo durante os períodos lectivos normais correspondentes ao curso actual. Ademais, o profesorado do departamento ofrecerá a posibilidade de atender a este alumnado ao longo de todo o curso durante os períodos de recreo para resolver dúbidas, corrixir exercicios ou facer repasos da materia.

**** Tarefas e actividades a realizar e temporalización das mesmas**

O departamento porá a disposición na Aula Virtual os recursos necesarios para preparar cada unha das probas escritas, xunto con modelos de exame de cursos anteriores e outros recursos, como boletíns de exercicios ou unidades interactivas relativas aos contidos de cada proba. O alumnado poderá entregar boletíns de exercicios para a súa corrección, distribuídas no tempo consonte a distribución de contidos das propias probas e do calendario que estableza a Xefatura de Estudos.

**** Recursos**

- a) Textos impresos: fotocopias e versións dixitais das unidades didácticas.
- b) Material de uso propio para o traballo na clase ou na casa: libreta cuadriculada, portafolios, bolígrafo, lapis ...
- c) Materiais de debuxo: regra, escuadra, cartabón, transportador e compás, papel milimetrado ...
- d) Calculadora científica.
- e) Equipamento informático: ordenadores das salas de informática e equipamento do proxecto Edixgal.
- f) Aplicativos informáticos ou para dispositivos móbiles: Wiris, GeoGebra, paquetes ofimáticos (procesador de texto e folia de cálculo).
- g) Aula Virtual e outros recursos web de acceso libre.
- h) Pizarra dixital.

**** Instrumentos de avaliación**

A avaliación realizarase a partir das cualificacións obtidas nas probas escritas (100%) parciais, ordinaria ou extraordinaria, se é o caso.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non procede

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversas medidas de atención á diversidade que se aplicarán e atenderán as establecidas no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, así como na normativa que o desenvolve, a Orde do 8 de setembro do 2021. Estas medidas serán establecidas de xeito individual unha vez realizada a avaliación inicial e contando coa información e directrices indicadas polo Departamento de Orientación, aplicando os protocolos necesarios para atender ao alumnado con NEAE, en caso de ser necesario.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual e Tecnoloxías da Información e Comunicación	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento e a educación cívica e didadá	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable		X		X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero, igualdade de trato e non discriminación por calquera circunstancia	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e valores	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual e Tecnoloxías da Información e Comunicación	X	X
ET.3 - O emprendemento e a educación cívica e cidadá	X	X
ET.4 - Fomento do espírito crítico	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable		
ET.6 - Igualdade de xénero, igualdade de trato e non discriminación por calquera circunstancia	X	X
ET.7 - Educación emocional e valores	X	X

Observacións:

En relación co exposto, e consonte o resto de programas, proxectos e dinamizacións en funcionamento no centro, e en colaboración con estes, integraranse na aula todos aqueles elementos de carácter social e cultural que se consideren adecuados co obxectivo de favorecer no alumnado unha formación persoal integral. Estes elementos estarán presentes ao longo da actividade docente, tanto nas actitudes persoais do profesorado e alumnado, como inseridos nos contidos propios da materia, suscitando o debate, o coñecemento, a reflexión e a concienciación.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Por determinar	Por determinar	X	X	X

Observacións:

As actividades complementarias potencialemente realizables son: a participación nas actividades da Semana Cultural, a organización de sesións divulgativas sobre temas relacionados coa materia, exposicións, proxectos, visitas a centros ou actividades no exterior; todas elas dependerán da marcha do curso e das posibilidades ou oportunidades que vaian aparecendo no traxurso do curso académico.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Aplicación das correccións oportunas para o desenvolvemento de todos os bloques temáticos con criterios de equilibrio, progreso e coordinación
Análise periódica do seguimento da programación en reunións de departamento.
Metodoloxía empregada
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva
Ofrecemento ao alumnado de forma rápida o resultado das probas realizadas
Medidas de atención á diversidade
Atención adecuada á diversidade do alumnado, proporcionando a axuda individualizada que precisa cada estudante
Outros
Cadro desglosado de aprobados e suspensos por cada avaliación trimestral, ordinaria e extraordinaria.
Memoria final do departamento con análise das oportunas correccións e modificacións a aplicar no curso seguinte.

Descrición:

Considerando a avaliación como un instrumento máis no proceso educativo, non só se debe avaliar ás aprendizaxes do alumnado, senón que tamén debemos avaliar o proceso de ensino e a práctica docente. Consonte o Decreto 157/2022, no seu artigo 22.2 (CAPÍTULO IV), no que se establece a avaliación dos procesos de ensino e a propia práctica docente, os indicadores de logro indicados serán valorados segundo os seguintes catro niveis de consecución: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

En consonancia cos indicadores de logro referidos no epígrafe 8.1, a programación poderá ser revisada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso e sempre que a xuízo do Xefe de Departamento sexa necesario, atendendo aos criterios establecidos nese epígrafe e ao progreso no grao de consecución dos obxectivos finais.

Esta revisión poderá afectar á temporalización e secuenciación dos contidos e tamén aos instrumentos de avaliación, coa finalidade de adecuar a práctica docente ás circunstancias reais do grupo a nivel colectivo ou ben ás necesidades específicas do alumnado a título individual.

As hipotéticas modificacións deberán ter sempre en conta as posibilidades reais do alumnado para superar os mínimos esixibles e procurarán limitar ao máximo as desigualdades de oportunidades que poidan existir, calquera que sexa a causa. No caso de producirse algunha modificación substancial da programación, deberá ser motivada e comunicada á Xefatura de Estudos, así como ás titoras ou titores e ao propio alumnado.

9. Outros apartados